




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A implantación completa do plano de estudos de 1999, conducente o título de Licenciado en Farmacia durante o curso 1999/2000 e a extinción curso a curso, do anterior plano de estudos de 1994, obrigou a realizar axustes para a impartición da docencia no curso 99/00. Para non prexudicar ós alumnos que desexen finalizar os seus estudos polo plano de estudos de 1994, resulta obrigado tamén, realizar axustes no presente curso nalgunha das orientacións que se ofertan no mesmo.

Ademáis tamén se deberá corrixir o feito de que haxa alumnos, non repetidores, matriculados no plano de estudos de Farmacia de 1994 en materias sen dereito a docencia, polo que

RESOLVO

Primeiro.- Os alumnos que cursan o plano de estudos de Farmacia aprobado por Resolución do 7 de xullo de 1994, poderán formalizar matrícula das asignaturas optativas da *Orientación Sanidade Ambiental: Medio Hídrico e Atmosférico (código 412011344)*, *Compoñentes Xeolóxicos do Medio (código 412011342)*, *Medio Edáfico (código 412011343)*, *Biología Vexetal e Contaminación (código 412011445)*, independentemente de que estivesen ou non matriculados anteriormente nas mesmas, xa que no presente curso son materias con dereito a docencia a tódolos efectos .

Segundo.- A Unidade de Xestión Académica procederá a anular a matrícula dos alumnos que, non sendo repetidores, estean matriculados en materias optativas do segundo ciclo sen dereito a docencia e da que só se poden matricular os repetidores.

Terceiro.- Os alumnos afectados pola presente resolución terán un prazo de 10 días para modifica-la súa matrícula consonte o indicado nesta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2000.



O RECTOR,

Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. SECRETARIO XERAL
- SRA. DECANA DA FACULTADE DE FARMACIA - SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA - SRA.
XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. DIRECTOR DO SEIN - SRS.
XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.